



El Correo Gallego		Tirada: 21.596	Sección: -	
		Difusión: 18.238 (O.J.D)	Espacio (Cm_2): 248	
Galicia	General	Audiencia: 96.000	Ocupación (%): 23%	
Diaria		07/06/2008	Valor (€): 393,12	
			Valor Pág. (€): 1.700,00	
			Página: 3	Imagen: No

CON MIL AMORES

¿É un home ou un demo?

Daoud Hari naceu no norte de Darfur, en Sudán, e vive exiliado nos Estados Unidos. Por el sabemos que en Darfur, un territorio de deserto, cordilleiras e sabanas do grandor de España, morreron máis de 300.000 persoas e que preto de 2 millóns tiveron que desprazarse; que os *yanyauid* (xinetes armados con fusís), unidos a un goberno despótico están aplicando un xenocidio de pavor arrasando as aldeas; que o Goberno chinés apoia este poder e os seus matachíns, vendéndolles armas, con vistas a coller a posición no repartimento de recursos naturais; e que se senten abandonados polos países e organizacións internacionais. Das palabras de Hari imos ó miolo do espanto. Conta que un desprazado, acompañado da súa filla de cinco anos, ao se ver perseguido e atacado por *yanyuids* manda á nena que corra a agocharse entre as árbores mentres el se defende como pode. Os atacantes redúceno, préndeno e tortúranlo.



Miguel Suárez Abel
Ex decano de Económicas USC

O home empeza a berrar pola dor e a nena, ao oílo, chorando, abandona o agocho e corre cara ó pai: "papá, papá". Un dos bandidos, saíndo ao encontro da nena, apuntouna coa baioneta e espétalla ata a travésala; espichada na baioneta, ergue o fusil con ela ensartada empapándose do sangue da pequena que cae sobre si.

Disimulen se lles corto o almorzo ou lles estrago o serán que pensaban dedicar ao merecido descanso, mais o horror en Darfur é así. Por aquí, disque regresa Hammer, a produtora británica experta en vampiros, mortos que reviven e momias recubertas de humidade. Estrea estes días en *MySpace* unha película dedicada

aos adolescentes na que, ao longo de 20 episodios de 4 minutos, todo moi ben pensado para ordenador e non para as salas de butacas, o sangue, os dentes afiados, o ritmo tecno, as pastillas e a coca, serven de antesala para causar o pavor. Non vin *Beyond the rave*, así se titula a película coa que volve despois de 30 anos a factoría do horror, pero non creo equivocarme se supoño o tipo de terror maquinado. E para min que aos nosos adolescentes, se lles apetece o horror, o verdadeiro espanto, moito mellor lles iría escoitar e reflexionar sobre o relato de Daoud Hari, levar a imaxinación a Darfur e preguntarse, tal e como o fixo o pai que viu cos seus propios ollos a morte da filla espichada na baioneta do salvaxe asasino, se o home que se deixaba empapar do sangue que chovía daquel corpo de cinco anos era realmente un home ou un demo. Hai películas que poden agardar, mais algunhas preguntas deben abordarse canto antes.